

REGULAMENTO ELECTORAL XERAL

PARA A ELECCIÓN DE REPRESENTANTES EN CLAUSTRO, XUNTAS DE CENTRO E CONSELLOS DE DEPARTAMENTO, DECANOS, DIRECTORES DE ESCOLA TÉCNICA OU POLITÉCNICA SUPERIOR, DE ESCOLA UNIVERSITARIA E ESCOLA UNIVERSITARIA POLITÉCNICA E DIRECTORES DE DEPARTAMENTO, ASÍ COMO MEMBROS DO CONSELLO DE GOBERNO ELIXIDOS ENTRE DECANOS DE FACULTADE, DIRECTORES DE ESCOLA E DIRECTORES DE DEPARTAMENTOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Sendo preciso adaptar as normas da UDC sobre a elección de decanos e directores de centro, de directores de departamento, e de representantes en Claustro, xuntas de facultade ou de escola e consellos de departamento á Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades (LOU), modificada por la Lei orgánica 4/2007 de 12 de abril, de Universidades (BOE de 13 de abril de 2007) e aos Estatutos da Universidade, aprobados por Decreto 101/2004, de 13 de maio (DOG de 26 de maio) modificado polo Decreto 194/2007 de 11 de outubro (DOG de 17 de outubro de 2007), o Consello de Goberno, na súa reunión do día 30 de outubro de 2008, acordou modificar o Regulamento electoral xeral, aprobado o día 20 de outubro de 2004.

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. Ámbito de aplicación

O presente Regulamento será de aplicación aos procesos para a elección dos seguintes órganos unipersoais e colexiados da Universidade da Coruña:

Representantes en Claustro, xuntas de facultade e xuntas de escola

Representantes en consellos de departamento

Decanos e directores de centro

Directores de departamento

Membros do Consello de Goberno elixidos de entre decanos de facultade, directores de escola e directores de departamentos e institutos universitarios

TÍTULO PRIMEIRO: NORMAS XERAIS

CAPÍTULO 1. DEREITO DE SUFRAXIO

Artigo 2. Dereito de sufraxio

1. Teñen dereito de sufraxio todos os membros da comunidade universitaria que cumpran os requisitos establecidos na LOU, nos Estatutos da Universidade da Coruña e no presente regulamento. Os requisitos esixidos para exercer o dereito de sufraxio activo ou pasivo deberán reunirse o día da publicación do censo definitivo e manterse até o día da votación.

2. O sufraxio, dentro de cada un dos sectores considerados en cada elección, é universal, igual, libre, directo e secreto.

3. O dereito de sufraxio é persoal e intransferible, sen que se admita a delegación no seu exercicio nin o voto por correo.

4. Ninguén pode votar máis dunha vez. Cando no desenvolvemento dun mesmo proceso electoral un

membro da comunidade universitaria pertencer a máis dun sector a Secretaría Xeral adscribirao de oficio ao sector que considere outorgue mellor dereito. Se non estiver de acordo con esta adscripción a persoa interesada poderá presentar unha reclamación ao censo provisional solicitando a correspondente rectificación.

5. O persoal docente e investigador que imparta docencia oficial en máis dun centro será elector no centro en que desenvolva maioritariamente a súa docencia.

Artigo 3. Titulares do dereito de sufraxio

1. Sempre que reúnan os requisitos legalmente establecidos e figuren inscritos no correspondente censo electoral, son electores e poden exercer o dereito de sufraxio activo:

a) O persoal docente e investigador en situación de servizo activo, ou equivalente no persoal laboral, e con destino na Universidade da Coruña. Non será elector quen desempeñe a praza ou o posto fóra da Universidade da Coruña en comisión de servizos ou situación equivalente.

Para os efectos da aplicación deste regulamento, inclúense nas categorías do persoal docente e investigador o profesorado funcionario doutor, o profesorado funcionario non doutor, o profesorado contratado doutor, o profesorado colaborador, o profesorado asociado, axudantes, o profesorado axudante doutor, o profesorado visitante, o profesorado interino de substitución, os eméritos, os lectores, o persoal docente e investigador contratado pola Universidade da Coruña con cargo aos programas Ramón y Cajal, Parga Pondal e Juan de la Cierva. E tamén, por último, aquelas persoas contratadas por obra ou servizo pola Universidade da Coruña representadas polo Comité de Empresa de persoal contratado con cargo a convenios e proxectos, programa da Universidade da Coruña para a contratación de persoas desempregadas, programa María Barbeito, programa predoutoral da Universidade da Coruña e programas de Formación de Persoal Investigador (FPI)-Formación de Profesorado Universitario (FPU), sempre que acrediten unha vinculación coa Universidade da Coruña superior a un ano dentro dos últimos dezoito meses e non estean a realizar estudos conducentes á obtención do título de doutor.

b) O persoal de administración e servizos en situación de servizo activo ou equivalente e con destino da Universidade da Coruña. Non será elector quen desempeñe a praza ou o posto fóra da Universidade en comisión de servizos ou equivalente.

c) O estudiantado matriculado en estudos conducentes á obtención de títulos que teñan carácter oficial e validez en todo o territorio estatal, impartidos nos centros propios da Universidade da Coruña. A realización do proxecto fin de carreira dá lugar tamén á consideración de estudante de primeiro ou de segundo ciclo. A matrícula en estudos conducentes á obtención do título de doutor dá lugar a ser considerado estudante de terceiro ciclo. O estudiantado dos estudos de mestrados oficiais será considerado estudiantado de segundo ciclo para os efectos da aplicación deste regulamento.

2. As persoas nomeadas ou contratadas como persoal docente e investigador ou de administración e servizos doutras universidades ou administracións distintas en comisión de servizos ou situación equivalente na Universidade da Coruña, só poderán exercer o dereito de sufraxio activo.

candidatura conforme ao disposto neste regulamento e foren proclamadas candidatas de forma definitiva. Os requisitos esixidos para exercer o dereito de sufraxio pasivo deberán reunirse na data da presentación da candidatura e manterse ata a celebración das eleccións.

Artigo 4. Circunscricións e colexios electorais

1. Son circunscricións electorais:

a) Nas eleccións a representantes no claustro:

— tratándose de profesorado doutor con vinculación permanente ou de membros das restantes categorías de persoal docente e investigador, cada un dos centros que se relacionan no anexo; aínda que no caso das persoas contratadas por obra ou servizo pola Universidade da Coruña representadas polo Comité de Empresa de persoal contratado con cargo a convenios e proxectos, programa da Universidade da Coruña para a contratación de persoas desempregadas, programa María Barbeito, programa predoutoral da Universidade da Coruña e programas de Formación de Persoal Investigador (FPI)-Formación de Profesorado Universitario (FPU), sempre que acrediten unha vinculación coa Universidade da Coruña superior a un ano dentro dos últimos dezaoito meses e non estean a realizar estudos conducentes á obtención do título de doutor, a circunscrición será única.

— tratándose de estudantes de 1º o 2º ciclo ou de grado, cada un dos centros que se relacionan no anexo, e

— tratándose de estudantes de 3º ciclo, o centro a que estiver adscrito o departamento, segundo se relaciona no anexo. No caso do estudantado de mestrados oficiais, que será considerado estudantado de segundo ciclo para os efectos de aplicación deste regulamento, o centro da Universidade da Coruña responsable do mestrado en que estea matriculado.

— tratándose de PAS, a circunscrición será única

b) Nas eleccións a representantes nas xuntas de facultade ou escola, cada un dos centros que se relacionan no anexo I

c) Nas eleccións a representantes nos consellos de departamento, cada un dos departamentos que se relacionan no anexo I.

2. As circunscricións electorais deberán contar cun número mínimo de dez electores. Cando o número de electores nun determinado sector e circunscrición for inferior a dez, a Secretaría Xeral, tras dar audiencia ás xuntas dos centros afectados para manifestaren a súa opinión, adscribirá eses electores a outra circunscrición do mesmo ámbito científico e do mesmo campus coa finalidade de garantir o segredo de voto. Non existindo no campus outra circunscrición do mesmo ámbito científico, eses electores adscribiranse á circunscrición con menos electores do mesmo campus.

3. Son colexios electorais:

- a. Nas eleccións de representantes no claustro, o conxunto de electores da comunidade universitaria
- b. Nas eleccións a representantes nas xuntas de facultade ou de escola e nos consellos de departamento, o conxunto de electores inscritos no censo do respectivo centro ou departamento
- c. Nas eleccións a decano de facultade ou director de escola, as respectivas xuntas de facultade ou de

escola

- d. Nas eleccións a director de departamento, o consello de departamento
- e. Nas eleccións a membros do Consello de Goberno elixidos entre decanos de facultade, directores de escola e directores de departamentos e institutos universitarios, todos eles en colexio único.

CAPÍTULO 2. CENSO ELECTORAL

Artigo 5. Elaboración e publicación do censo electoral

1. A elaboración e actualización do censo electoral para a elección de representantes en órganos colexiados e dos órganos unipersoais, así como a adscrición das persoas electoras ás respectivas circunscricións e sectores de acordo co disposto neste regulamento, corresponde á Secretaría Xeral da UDC.

2. No censo electoral incluíranse o nome e os apelidos das persoas electoras e o seu número de documento oficial de identificación. Esta última mención poderá omitirse na publicación do censo nos taboleiros electorais.

3. Os censos dos órganos colexiados de facultade, escola e departamento serán actualizados pola Secretaría Xeral a respecto das incorporacións ou baixas que non requiran a celebración de eleccións. Esta actualización non alterará as proporcións asignadas aos demais sectores en tanto non se celebraren as correspondentes eleccións.

4. Unha vez elaborado, o censo electoral provisional exporase publicamente nos centros que corresponda, nos taboleiros da Reitoría, da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e na páxina web da Universidade da Coruña dentro dos quince días seguintes ao da convocatoria das eleccións, atendendo para tales efectos aos prazos establecidos pola Comisión Electoral Central.

Artigo 6. Solicitud de rectificación do censo e recursos

1. Unha vez publicado o censo provisional, calquera titular do dereito de sufraxio poderá solicitar a súa rectificación mediante escrito razoado dirixido ao Presidente da Comisión Electoral Central que se deberá presentar nas oficinas do Rexistro Xeral da Universidade (Edificio da Reitoría, A Maestranza), nos rexistros auxiliares (Casa do Lagar, campus de Elviña e campus de Esteiro, Ferrol) ou no rexistro do centro correspondente antes das 14:00 h do día en que termine o prazo. A persoa responsable do Rexistro do centro deberá enviar por fax á Secretaría Xeral, o mesmo día da súa recepción, o escrito alí presentado, sen prexuízo de enviar o orixinal por correo interno.

2. O prazo de reclamacións sobre admisión ou exclusión do censo será de cinco días hábiles que se contarán desde a data en que se fai público nos taboleiros da Reitoría, da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e na páxina web da Universidade da Coruña.

3. A Comisión Electoral Central terá que resolver e facer pública a súa decisión no taboleiro electoral correspondente no prazo máximo de dous días hábiles seguintes á finalización do prazo de cinco días establecido para solicitar a rectificación. Contra esta decisión non cabe ulterior revisión.

4. O censo definitivo publicarase ao día seguinte do cumprimento do mencionado prazo de dous días e, polo

menos, quince días naturais antes da data das eleccións.

CAPÍTULO 3. ADMINISTRACIÓN ELECTORAL

Artigo 7. Finalidade e composición

1. A Administración electoral ten por finalidade controlar o proceso electoral e garantir a súa legalidade, transparencia e obxectividade.
2. A Administración electoral está integrada pola Comisión Electoral Central e, no caso das eleccións a representantes en órganos colexiados, tamén polas mesas electorais.
3. A condición de presidente, vogal ou secretario da Comisión Electoral Central é incompatible coa condición de candidato a un órgano unipersonal nun proceso electoral por ela organizado.

Artigo 8. Funcións da Comisión Electoral Central

1. A Comisión Electoral Central terá as seguintes funcións:
 - a. A resolución das reclamacións e recursos que se interpuxeren contra a inclusión ou exclusión no censo, así como contra a adscrición por circunscricións e sectores realizada pola Secretaría Xeral
 - b. A recepción das candidaturas e a proclamación de candidatos, así como a resolución dos recursos que se interpuxeren contra esta proclamación
 - c. A aprobación dos modelos oficiais de escritos, papeletas e credenciais necesarios para o desenvolvemento do procedemento electoral
 - d. O sorteo para establecer a orde de colocación dos candidatos nas papeletas de votación
 - e. A organización do procedemento de emisión de voto, a determinación do número e situación das mesas electorais
 - f. O sorteo dos membros titulares e suplentes das mesas electorais
 - g. O exame e a resolución das causas xustificadas que impidan formar parte das mesas electorais
 - h. A dirección e coordinación das mesas electorais, elaborando un manual de instrucións que se entregará aos membros das mesas
 - i. A verificación do recuento
 - j. A proclamación dos resultados provisionais e definitivos das eleccións
 - k. A remisión ao reitor das cuestións disciplinarias que se produciren en relación cos procesos electorais
 - l. A resolución das consultas que lle elevaren os órganos da universidade ou as persoas interesadas acerca de asuntos da súa competencia e, en particular, acerca da interpretación e aplicación da normativa electoral
 - m. Calquera outra recollida neste regulamento, así como as que, de non seren atribuídas a outro órgano da universidade, tiveren relación coa xestión e o control dos procesos electorais.
2. Os acordos da Comisión Electoral Central en segunda ou única instancia esgotan a vía administrativa.

Artigo 9. Normas de funcionamento da Comisión Electoral Central

1. As reunións da Comisión Electoral Central son convocadas polo secretario, por orde do presidente, para

tratar os asuntos da súa competencia. O presidente debe convocar a reunión cando o solicitaren polo menos dous dos seus membros.

2. É necesaria a presenza de polo menos tres membros da comisión, sen incluír o secretario, para a considerar validamente constituída. En caso de ausencia do presidente actuará como tal o vogal de maior idade dos presentes. En caso de ausencia do secretario actuará como tal o membro da Comisión Electoral presente na sesión que designe o presidente.

3. Os acordos tómanse por maioría simple. En caso de empate decide o voto de calidade do presidente.

4. A Comisión Electoral Central terá a súa sede na Reitoría.

5. A Xerencia da Universidade adscribirá temporalmente á Comisión Electoral Central o persoal de administración e servizos necesario para realizar a súa actividade.

6. A Comisión Electoral Central disporá dun taboleiro de anuncios na Reitoría, na Vicerreitoría do Campus de Ferrol, en todos os centros e na páxina web da universidade da Coruña para publicar os seus acordos.

Artigo 10. Composición da Comisión Electoral Central

1. A Comisión Electoral Central está integrada por:

- O secretario xeral ou persoa en quen delegar, que a presidirá.
- Cinco vogais elixidos polo Claustro de entre os seus membros, garantíndose a representación de todos os sectores que o integran: dous profesores doutores con vinculación permanente, un membro das restantes categorías de persoal docente e investigador, un estudante e un membro do PAS. Na elección destes vogais actuará como Mesa Electoral a Mesa do Claustro. En caso de ausencia dos membros titulares actuarán como suplentes os seguintes candidatos máis votados que non resultaron elixidos en cada sector.
- O secretario técnico do campus de Ferrol ou persoa en quen delegar, que actuará como secretario da Comisión Electoral Central, participando nas súas sesións con voz e sen voto.

2. O mandato da Comisión Electoral Central será de catro anos, salvo o representante do estudantado, que se renovará cada dous anos.

Artigo 11. Mesas electorais.

1. Correspondelles ás mesas presidir a votación, conservar a orde, realizar o escrutinio e velar pola limpeza do proceso electoral.

2. Cada mesa está formada por tres membros, dos que un será un membro do persoal docente e investigador e os outros dous non, elixidos por sorteo entre os electores que deben emitir nela o seu voto.

3. O sorteo realizarase en acto público pola Comisión Electoral Central polo menos dez días naturais antes da data de votación, designándose tanto titulares como suplentes. Non entrarán no sorteo as persoas electoras que concorreren ás eleccións como candidatas nin os membros da Comisión Electoral Central.

4. A mesa electoral será presidida polo membro do persoal docente e investigador.
5. A designación como presidente ou vogal dunha mesa electoral notificarase ás persoas interesadas no prazo de tres días. Coa notificación entregaráselles un manual de instrucións sobre as funcións que lles corresponden.
6. O desempeño do cargo é obrigatorio. Só queda eximido quen, polo menos 72 horas antes da votación, alegue xusta causa en escrito motivado dirixido ao Presidente da Comisión Electoral Central. De se admitir a causa de exención, a Comisión Electoral Central notificará á persoa suplente que debe actuar como titular e designará un novo suplente.
7. Se non for posible compor a mesa conforme o indicado neste precepto, a Comisión Electoral Central poderá realizar un sorteo entre todos os membros do corpo electoral que corresponda, sen distinción de sectores, ou ben acordar que os electores voten noutra mesa nunha urna independente.
8. O presidente e os dous vogais da mesa, así como os seus suplentes, reuniranse unha hora antes do inicio da votación no local asignado pola Comisión Electoral Central, realizando a acta de constitución da mesa coa relación nominal dos membros da mesa e dos interventores, neste caso con indicación das candidaturas por que o foren. Neste acto os membros da mesa escollerán a persoa que teña que actuar como secretaria, recolléndose esta circunstancia na acta. A acta será asinada por todos os seus membros e polos interventores. Entregarase unha copia da acta de constitución ao interventor que a reclamar.
9. Se o presidente non acode, asumirá a presidencia a persoa suplente e, no seu defecto, o primeiro vogal ou o segundo vogal, por esta orde. Os vogais que non acudiren ou que tomaren posesión como presidentes serán substituídos polos seus suplentes. Non pode constituírse ningunha mesa sen a presenza dun presidente e dous vogais.
10. Se a mesa non se puiden constituír por non se reunir o requisito establecido no apartado anterior, a Comisión Electoral Central designará libremente os electores que a constituirán, podendo delegar o exercicio desta designación á dirección dos centros.
11. Cada mesa debe contar cunha urna para cada unha das eleccións que se realizaren, así como cun número suficiente de papeletas e un espazo suficiente para garantir o segredo do voto. De faltar calquera destes elementos no local electoral á hora sinalada para a constitución da mesa, o presidente comunicarao inmediatamente á Comisión Electoral Central, que procederá a emendar a ausencia.
12. Durante as votacións estarán presentes polo menos dous membros da mesa.
13. Quen for nomeado presidente ou vogal dunha mesa electoral ten dereito a unha compensación económica polo día da votación. Ademais, o persoal ao servizo da Universidade da Coruña que for nomeado presidente ou vogal dunha mesa electoral ten dereito durante o día da votación e o día inmediatamente posterior a un permiso retribuído de xomada completa.

Artigo 12. Interventores

1. Os candidatos poden propor até tres días antes da data da votación o nomeamento dun interventor por cada mesa electoral. Así mesmo poderán propor o nomeamento dunha persoa suplente que substituirá o

interventor mentres este exerce o seu dereito de sufraxio na mesa que lle corresponder.

2. Os interventores e suplentes propostos deben ter a condición de electores inscritos no censo electoral e non ser membros da mesa electoral. Unha vez comprobadas estas condicións, a Comisión Electoral Central entregaralles a credencial correspondente e comunicaralle ao presidente da mesa electoral a identidade dos interventores e suplentes acreditados antes do día da votación.

3. Os interventores deben acreditarse ante o presidente da mesa electoral polo menos 15 minutos antes da hora fixada para o inicio da votación. O presidente comprobará a súa identidade e que se encontren relacionados na lista que lle proporcionou a comisión electoral. En caso afirmativo, admitirá os interventores na mesa. En caso de o presidente non recibir a lista ou de ter dúbidas acerca da autenticidade das credenciais ou a identidade das persoas presentadas, admitiraas na mesa se así o esixiren, mais consignando na acta a súa reserva para posterior aclaración.

4. Se se presentaren dous ou máis interventores titulares por unha mesma candidatura, o presidente só admitirá na mesa ao primeiro que lle presente as súas credenciais, para cuxo efecto as numerará por orde cronolóxica de presentación.

5. Se os interventores se presentaren na mesa despois da hora sinalada no apartado terceiro e unha vez redactada a acta de constitución, o presidente non os admitirá na mesa.

CAPÍTULO 4: PROCEDEMENTO ELECTORAL

Artigo 13. Trámites e prazos

1. O procedemento electoral consta dos seguintes trámites, que terán que se realizar nos prazos establecidos para cada un deles pola Comisión Electoral Central, de acordo co disposto neste regulamento:

1º. Convocatoria das eleccións

2º. Publicación do censo provisional

3º. Prazo de presentación de recursos e solicitudes de rectificación do censo provisional

4º. Aprobación e publicación do censo definitivo

5º. Proclamación provisoria de candidatos

6º. Proclamación definitiva de candidatos

7º. Sorteio de mesas electorais

8º. Campaña electoral

9º. Voto anticipado nas eleccións que o permiten: no prazo que determine a Comisión Electoral Central

10º. Depósito das papeletas para elixir representantes en órganos colexiados nas sedes das mesas electorais: un día antes das eleccións

11º. Eleccións

12º. Proclamación provisoria de candidato electo

13º. Proclamación definitiva de candidato electo

2. En caso de ser necesaria a celebración dunha segunda volta nas eleccións que a admiten, os trámites, tras a celebración das eleccións en primeira volta, serán os seguintes:

- 1º. Depósito das papeletas nas sedes das mesas electorais: un día antes das eleccións
- 2º. Eleccións: no prazo máximo de 7 días hábiles que se contarán desde a data de celebración das eleccións en primeira volta
- 3º. Proclamación provisoria de candidato electo
- 4º. Proclamación definitiva de candidato electo

3. O cómputo dos trámites e prazos realizarase sobre días hábiles, excluindo os festivos previstos con carácter xeral para toda a universidade no calendario académico aprobado polo Consello de Goberno e os sábados. Para os efectos do cumprimento do prazo para presentar solicitudes e recursos, o prazo finalizará ás 14 horas do último día fixado.

4. Non poderán celebrarse eleccións durante os períodos non lectivos. Son inhábiles para a celebración de eleccións a representantes en órganos colexiados os meses de xullo, agosto e setembro.

Artigo 14. Convocatoria das eleccións

1. A convocatoria de eleccións a representantes en órganos colexiados realizarase por resolución reitoral, após acordo do Consello de Goberno, cun mes de antelación á expiración do mandato. A convocatoria de eleccións a órganos unipersoais será realizada pola persoa titular do órgano unipersoal cun mes de antelación á expiración do seu mandato, salvo que o cesamento se produza por outra causa, en cuxo caso será realizada por quen a substitúa dentro dos vinte días naturais seguintes ao cesamento. En caso de incumprimento desta obriga de convocar as eleccións, estas serán convocadas por resolución reitoral. Corresponderá á Comisión Electoral Central a tramitación e desenvolvemento das eleccións segundo o disposto neste Regulamento.

2. A convocatoria conterá os seguintes elementos:

- Data de publicación do censo provisorio;
- Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación do censo provisional;
- Data de publicación do censo definitivo;
- Requisitos e formalidades para presentar candidaturas;
- Prazo de presentación de candidaturas;
- Proclamación provisoria de candidatos;
- Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisoria de candidatos;
- Proclamación definitiva de candidatos;
- Data de sorteo e constitución das mesas electorais;
- Data e lugar da votación, con indicación do prazo para emitir o voto anticipado se proceder;
- Data da proclamación provisoria de candidato electo;
- Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisoria de candidato electo;
- Data de proclamación definitiva de candidato electo.

3. A convocatoria farase pública nos taboleiros electorais da Reitoría, da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e na páxina web, así como en todos os centros da UDC en que estiveren censados os electores.

Artigo 15. Presentación de candidaturas

1. Poden presentar candidaturas as persoas que, de conformidade con este regulamento, tiveren a condición de elixibles.

2. As candidaturas poden presentarse nas oficinas do Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (Edificio da Reitoría, A Maestranza), nos rexistros auxiliares (Casa do Lagar, campus de Elviña e campus de Esteiro, Ferrol), así como nos rexistros dos centros, antes das 14:00 h do último día do prazo previsto para iso, mediante escrito dirixido ao presidente da Comisión Electoral Central en que consten o nome e apelidos da persoa candidata e o número do seu documento oficial de identificación, o sector electoral por que se presenta no caso de eleccións a representantes en órganos colexiados, e a circunscrición electoral a que pertence. O escrito debe ir asinado pola persoa interesada. A persoa responsable do Rexistro do centro deberá enviar o escrito alí presentado o antes posible por correo interno, e de se tratar de escritos presentados o derradeiro día do prazo deberá adiantalo por fax, sen prexuízo de enviar o orixinal por correo interno.

3. As candidaturas son individuais para os efectos de presentación, votación e escrutinio. Os candidatos poden agruparse para realizar a campaña electoral, en cuxo caso se indicará no seu escrito de presentación de candidaturas a denominación ou sigla que represente a agrupación, que se incluírá na papeleta electoral ao lado do nome do candidato. En caso de coincidencia na denominación ou sigla por parte de dúas ou máis agrupacións distintas darase preferencia á que se rexistrase con anterioridade.

Artigo 16. Proclamación provisoria e definitiva de candidatos e prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación

1. Finalizado o prazo de presentación de candidaturas, a Comisión Electoral Central procederá, no prazo máximo de dous días hábiles, a realizar a proclamación provisoria de candidatos, que se publicará nos taboleiros electorais da Reitoría, da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e na páxina web, así como en todos os centros da UDC en que estiveren censados os electores.

2. Dentro do prazo de dous días hábiles a partir da data de proclamación provisoria de candidaturas poden presentarse recursos e solicitudes de rectificación nas oficinas do Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (Edificio da Reitoría, A Maestranza), nos rexistros auxiliares (Casa do Lagar, campus de Elviña e campus de Esteiro, Ferrol), ou nos rexistros dos centros mediante escrito dirixido ao presidente da Comisión Electoral Central. A persoa responsable do Rexistro do centro deberá enviar o escrito alí presentado o antes posible por correo interno, e tratándose de escritos presentados o derradeiro día do prazo deberá adiantalo por fax, sen prexuízo de enviar o orixinal por correo interno. Os recursos e as solicitudes de rectificación deberán resolverse nun prazo de tres días hábiles que se contarán desde a finalización do prazo de presentación.

3. Se non se presentaren recursos nin solicitudes de rectificación no prazo fixado, ou unha vez resoltas, a Comisión Electoral Central procederá á proclamación definitiva de candidaturas.

4. Se o número de candidaturas presentadas e admitidas a representantes en órganos colexiados for igual ou inferior ao número de postos ou vacantes para cubrir no proceso electoral, entenderase que as persoas candidatas proclamadas definitivamente foron elixidas automaticamente sen necesidade de proceder a ningunha votación.

Artigo 17. Campaña electoral

1. A campaña electoral comprende as actividades de propaganda que desenvolvan as persoas candidatas proclamadas en orde a captar votos nos centros e nas dependencias da Universidade da Coruña, incluídos os que non formaren parte da circunscrición en que poden ser elixidos os candidatos.
2. A campaña electoral iniciarase o primeiro día hábil seguinte ao da proclamación definitiva de candidatos e terá unha duración de entre tres e sete días hábiles.
3. Os decanos e directores de centros e departamentos darán as facilidades pertinentes para o seu desenvolvemento, sen poderen en ningún caso suspender as actividades ordinarias.

Artigo 18. Papeletas electorais

1. A Comisión Electoral Central proporcionará as papeletas de votación, procurando a clara diferenciación entre as distintas eleccións e dentro de cada elección entre os distintos sectores.
2. Nas papeletas, que se confeccionarán inmediatamente despois da proclamación definitiva de candidatos, figurarán os nomes dos candidatos proclamados por orde alfabética, tras sorteo por parte da comisión electoral central da letra por que debe comezar a relación, precedidos por un recadro en branco, en que o elector marcará unha cruz para conceder o seu voto, e seguidos, se for o caso, pola denominación o sigla que identifique a súa agrupación.

Artigo 19. Votación

1. O día da votación as mesas electorais estarán abertas de 10.00 a 20.00 horas, salvo que antes emitan o seu voto todos os electores censados na mesa correspondente. Ás 10.00 horas o presidente anunciará o inicio da votación coas palabras “comeza a votación”. Ás 20.00 horas o presidente anunciará que vai concluír a votación.
2. O dereito de sufraxio activo acredítase pola inscrición nas listas do censo.
3. A persoa electora identificarase ante a mesa electoral co seu documento oficial de identificación ou permisos de condución.
4. A mesa comprobará a súa inclusión no censo electoral e acto seguido admitirá o seu voto na urna. Os interventores poden facer as alegacións que estimaren convenientes a respecto da identidade dos electores, alegacións que o secretario da mesa recollerá coa sinatura de ambos os dous. Inmediatamente despois de se comprobar o dereito ao voto, a persoa electora entregaralle coa súa propia man á presidencia da mesa o sobre da votación pechado. A continuación, a presidencia, sen ocultalo nin un momento da vista do público, depositará na urna o correspondente sobre.
5. As persoas electoras que por discapacidade física ou sensorial estean impedidas para elixir a papeleta, colocala dentro do sobre ou entregala na mesa electoral, poden servirse para estas operacións dunha persoa de confianza ou do presidente da mesa electoral. A disposición das urnas farase de xeito que poidan acceder a elas as persoas con mobilidade reducida.
6. O membro da mesa electoral que a presidencia designe e, de ser o caso, os interventores que o desexen anotarán, cada cal nunha lista numerada, o nome e os apelidos dos votantes pola orde en que emitan o seu

voto, expresando o número co que figuran na lista do censo electoral ou, de ser o caso, a achega de certificación censual específica. Toda persoa electora ten dereito a examinar se foi ben anotado o seu nome e apelidos na listaxe de votantes. O membro da mesa electoral encargado da comprobación dos votantes no censo electoral fará un sinal, a medida que vota cada persoa electora.

7. Rematada a votación, o presidente introducirá na urna os votos anticipados nas eleccións que admiten esta forma de votación. A continuación votarán os membros da mesa.

Artigo 20. Modo de exercicio do dereito ao voto

1. O voto é secreto, persoal e intransferible, razón pola que non se admitirá a delegación do voto, o voto por correo nin o voto anticipado. Admítese o voto anticipado nas eleccións a representantes do claustro nas condicións establecidas no artigo 21 deste regulamento.

2. Na xornada electoral, as persoas electoras disporán de catro horas para exercer o seu dereito de voto e poderán solicitar da mesa electoral o correspondente xustificante de que emitiron este.

3. Nas eleccións a representantes en órganos colexiados os electores poderán votar como máximo ao setenta por cento do número total de postos para cubrir, excepto no caso dun único posto, conforme á seguinte táboa, en que a columna A indica o número de postos para cubrir e a columna B o número máximo de candidatos a que se pode conceder o voto:

A	B	A	B
1	1	21	14
2	1	22	15
3	2	23	16
4	2	24	16
5	3	25	17
6	4	26	18
7	4	27	18
8	5	28	19
9	6	29	20
10	7	30	21
11	7	31	21
12	8	32	22
13	9	33	23
14	9	34	23
15	10	35	24
16	11	36	25
17	11	37	25
18	12	38	26

19	13	39	27
20	14	40	28

4. Serán proclamados electos os candidatos que obtiveren maior número de votos até completar o número de representantes asignados a cada sector para elixir.

5. Cada elector poderá votar unicamente aos representantes do seu sector.

Artigo 21. Voto anticipado nas eleccións a representantes no claustro.

1. Admítese o voto anticipado nas eleccións a representantes no Claustro que non poidan exercelo na data da votación prevista na convocatoria das eleccións. O voto anticipado entregarao persoalmente a persoa electora nas oficinas do Rexistro Xeral da Universidade (Edificio da Reitoría, A Maestranza) ou nos rexistros auxiliares (Casa do Lagar, campus de Elviña e campus de Esteiro, Ferrol), logo da súa identificación cun documento oficial de identidade ou co permiso de condución, nun sobre pechado dirixido á Secretaría Xeral, quen disporá a súa custodia e entrega na mesa electoral correspondente o día da votación.

2. Para emitiren o voto anticipado as persoas electoras interesadas retirarán, persoalmente, nas oficinas do Rexistro Xeral da Universidade (Edificio da Reitoría, A Maestranza) ou nos rexistros auxiliares (Casa do Lagar, campus de Elviña e campus de Esteiro, Ferrol) a papeleta de voto, o sobre de votación e o sobre exterior para enviar o voto, en que deberá identificarse claramente a persoa votante e a mesa electoral en que lle corresponda votar. Neste sobre exterior deberá introducir o sobre coa papeleta de votación e unha fotocopia dun documento oficial de identificación ou permisos de condución da persoa electora. Este sobre exterior deberá ir asinado pola persoa votante e a persoa encargada do rexistro.

3. O voto anticipado poderá exercerse no prazo indicado na convocatoria, en todo caso até dous días hábiles antes da votación.

4. Na data da votación, a Secretaría Xeral fará chegar os votos anticipados á Presidencia da mesa electoral que corresponda. Unha vez rematada a votación, a Presidencia introducirá na urna que proceda o voto anticipado, logo de comprobar a inclusión da persoa electora no censo e facer a oportuna anotación. En ningún caso se introducirá o voto anticipado se a persoa electora xa ten emitido presencialmente o seu voto.

Artigo 22. Votos nulos e en branco

1. Son votos nulos:

- Os emitidos en papeleta diferente ao modelo oficial.
- Os emitidos en papeleta en que se marcasse un número de candidatos superior ao máximo que o elector pode votar.
- Os emitidos en papeletas con rascaduras, emendas, riscos ou calquera outro tipo de alteración que impida coñecer a verdadeira vontade do elector. A nulidade só afectará o nome ou nomes a respecto dos cales xurda a dúbida.
- Os emitidos en papeleta en que se escribise calquera outra expresión distinta do voto.
- Os emitidos a favor dunha candidatura retirada polos motivos previstos neste regulamento.

2. Son votos en branco, mais válidos, os emitidos en papeleta que non tiver indicación a favor de ningún dos

candidatos.

Artigo 23. Escrutinio

1. Unha vez cerrada a votación a mesa comezará o escrutinio, que será público.
2. O escrutinio realizarase extraendo o presidente, unha a unha, as papeletas da urna correspondente e lendo en voz alta o nome dos candidatos votados. O presidente mostrará a papeleta lida a vogais e interventores.
3. Se algún interventor ou elector presente tiver dúbidas acerca do contido dunha papeleta poderá pedir no acto, e deberá concedérselle, a posibilidade de o comprobar.
4. Feito o recuento de votos, o presidente preguntará se hai alegacións contra o escrutinio e, de non existiren, ou despois de seren resoltas pola mesa as que se presentaren, anunciará en voz alta o resultado, especificando o número de votantes, o de votos en branco, o de votos nulos e o de votos obtidos por cada candidato.
5. As papeletas extraídas das urnas destruíranse no mesmo acto, con excepción daquelas a que se negase validez ou fosen obxecto dalgunha reclamación, que se unirán á acta e se arquivarán con ela, unha vez asinadas polos membros da mesa.
6. Concluídas estas operacións, o secretario da mesa estenderá por triplicado a acta da sesión, na cal se indicará o número de electores da mesa segundo as listas do censo electoral, o de electores que exerceron o dereito a voto, o de votos nulos e en branco e o de votos obtidos por cada candidato. Recolleranse tamén as reclamacións e protestas formuladas polos electores e interventores sobre a votación e o escrutinio, así como as resolucións motivadas da mesa sobre elas, cos votos particulares se os houber. Tamén se consignará calquera incidente que se producir.
7. Todos os candidatos e interventores teñen dereito a que se lles entregue gratuíta e inmediamente copia da acta. Baixo ningún pretexto pode a mesa escusar esta obriga.
8. En caso de mesas situadas no campus da Coruña, o presidente da mesa, acompañado polos membros da mesa ou os interventores que o desexaren, entregará inmediata e persoalmente á Comisión Electoral Central un exemplar da acta, outro quedará en poder do presidente da mesa e o terceiro será enviado ao secretario do claustro, centro ou departamento, dependendo do proceso electoral de que se tratar. O exemplar para a Comisión Electoral Central irá acompañado da acta orixinal de constitución da mesa, da lista numerada de votantes, dos votos nulos ou que foron obxecto dalgunha reclamación, e das credenciais dos interventores. Todos estes documentos serán introducidos nun sobre que asinarán o presidente, os vogais e os interventores, de forma que crucen a parte por que se cerra. De se tratar de mesas situadas no campus de Ferrol, o presidente da mesa, acompañado polos membros da mesa ou os interventores que o desexaren, entregará inmediata e persoalmente ó secretario técnico do campus de Ferrol a documentación sinalada neste número. O secretario técnico deberá adiantar inmediatamente por fax o escrutinio, entregando os orixinais persoalmente á Comisión Electoral Central antes das 14 horas do día seguinte á votación.

Artigo 24. Proclamación provisoria de candidatos electos

1. Recibidas as actas, a Comisión Electoral Central procederá á comprobación do escrutinio, verificando o recuento dos votos emitidos e admitidos como válidos nas diversas mesas, segundo as correspondentes actas.

De existiren reclamacións sobre os votos resolverá segundo corresponder.

2. Non pode anularse a votación dunha mesa electoral como consecuencia de reclamacións alleas ás normas sobre votación e escrutinio.

3. A anulación da votación nunha ou varias mesas non producirá a nulidade da elección cando esta invalidez non altere o resultado final.

4. Concluído o escrutinio xeral, a Comisión Electoral Central estenderá por duplicado unha acta de escrutinio do colexio electoral correspondente, que conterá mención expresa do número de electores de cada mesa, segundo as listas do censo electoral, de votantes, dos votos obtidos por cada candidato, dos votos en branco e dos votos nulos.

5. A Comisión Electoral Central proclamará provisionalmente os candidatos electos en acta asinada polo presidente e o secretario da comisión, indicando expresamente os votos obtidos por cada candidato e a relación nominal de persoas electas.

6. No caso de dous ou máis candidatos obteren o mesmo número de votos darase preferencia para a proclamación como candidato electo ao que leve máis tempo vinculado á UDC como membro do seu sector. De persistir o empate darase preferencia ao de máis idade.

Artigo 25. Recursos

Contra os acordos da Comisión Electoral Central poderán interpor recurso potestativo de reposición previo á vía contencioso-administrativa os candidatos proclamados ou non proclamados electos nun prazo máximo de tres días hábiles que se contarán desde a publicación da proclamación provisoria de candidato electo. Estes recursos deberán resolverse nun prazo de tres días que se contarán desde a finalización do prazo de presentación de recursos.

Artigo 26. Proclamación definitiva de candidatos electos

Unha vez resoltos os recursos que se interpuxesen contra a proclamación provisoria de candidatos electos, ou transcorrido o prazo previsto sen que se interpuxese ningún, a comisión electoral central procederá á proclamación definitiva de candidatos electos.

Artigo 27. Remisión da documentación

A Comisión Electoral Central remitirá a relación de candidatos electos, así como a relación de candidatos non electos ordenada por número de votos obtidos, ao decano ou director de centro en caso de eleccións a representantes na xunta de facultade ou de escola, e ao director de departamento en caso de eleccións a representantes no consello de departamento.

Artigo 28. Mantemento da condición de elixible dos representantes nos órganos colexiados

As condicións esixidas para o acceso a un cargo representativo nun órgano colexiado en calquera dos seus sectores deben manterse durante toda a duración do mandato. Causarán baixa e darán lugar a unha vacante as persoas que, no curso do mandato do órgano colexiado a que pertencen, deixaren de ostentar as condicións

que dan lugar á titularidade do dereito de sufraxio pasivo no sector por que foron elixidas.

TÍTULO SEGUNDO DISPOSICIÓN RELATIVAS Á ELECCIÓN DE REPRESENTANTES EN ÓRGANOS COLEXIADOS

CAPÍTULO PRIMEIRO DISPOSICIÓN RELATIVAS AO CLAUSTRO

Artigo 29. Composición do claustro e outras cuestións

1. O claustro universitario estará composto polo reitor, que o presidirá, o secretario xeral, que tamén o será do claustro, o xerente e 300 representantes dos distintos sectores da comunidade universitaria nas seguintes condicións:

- a. 153 (51%) profesores doutores con vinculación permanente á universidade.
- b. 36 (12%) membros das restantes categorías de persoal docente e investigador. Para os efectos da aplicación deste regulamento, inclúense nas restantes categorías de persoal docente e investigador os membros mencionados no apartado a) que non tiveren a condición de doutor, o profesorado colaborador, o profesorado asociado, axudantes, o profesorado axudante doutor, o profesorado visitante, o profesorado interino de substitución, os eméritos, os lectores, o persoal docente e investigador contratado pola Universidade da Coruña con cargo aos programas Ramón y Cajal, Parga Pondal e Juan de la Cierva e, por último, aquelas persoas contratadas por obra ou servizo pola Universidade da Coruña representadas polo Comité de Empresa de persoal contratado con cargo a convenios e proxectos, programa da Universidade da Coruña para a contratación de persoas desempregadas, programa María Barbeito, programa predoutoral da Universidade da Coruña e programas de Formación de Persoal Investigador (FPI)-Formación de Profesorado Universitario (FPU), sempre que acrediten unha vinculación coa Universidade da Coruña superior a un ano dentro dos últimos dezoito meses e non estean a realizar estudos conducentes á obtención do título de doutor.
- c. 84 (28%) estudantes.
- d. 27 (9%) membros do persoal de administración e servizos.

2. Os membros do claustro serán elixidos por un período de catro anos, salvo no caso dos representantes de estudantes, que o serán por dous anos.

3. A determinación do número de representantes que corresponde a cada circunscrición, que será realizada pola Secretaría Xeral, deberá ser proporcional ao número de electores en cada sector.

4. Cando un elector prever motivadamente que na data da votación non estará no lugar onde lle corresponde exercer o dereito de sufraxio, poderá emitir o seu voto de conformidade co artigo 21 do regulamento.

CAPÍTULO SEGUNDO

DISPOSICIÓN RELATIVAS AO CONSELLO DE GOBERNO

Artigo 30. Composición do Consello de Goberno e outras cuestións

1. O Consello de Goberno estará constituído polos seguintes membros:

- a. O reitor que o presidirá e convocará.
- b. O secretario xeral, que será o seu secretario, e o xerente.
- c. Os vicerreitores.
- d. Vinte conselleiros elixidos polo claustro reproducindo as mesmas porcentaxes sectoriais establecidas para aquel.
- e. Sete representantes dos decanos e directores de escola, elixidos entre eles mesmos.
- f. Sete representantes dos directores de departamento, elixidos entre eles mesmos.
- g. Un representante dos institutos universitarios de investigación elixido entre eles mesmos.
- h. Os restantes, ata o máximo de 50 membros, serán designados polo reitor. Deles, dous serán propostos pola Xunta de Persoal e o Comité de Empresa do Persoal de Administración e Servizos e dous pola representación dos colectivos de estudantes con presenza no Claustro.
- i. Tres membros do Consello Social non pertencentes á propia comunidade universitaria, que serán elixidos polo tempo e seguindo o procedemento establecido no Regulamento do Consello Social.

2. Os conselleiros mencionados na letra d) serán elixidos para un período de catro anos. Antes de que remate o seu mandato o reitor convocará as eleccións, que serán presididas polo reitor ou vicerrector que designar. A convocatoria deberá indicar o prazo de presentación de candidaturas cunha antelación mínima de sete días naturais a respecto do día das eleccións, a data de proclamación provisoria de candidatos, o prazo de reclamacións á proclamación provisoria, a data de proclamación definitiva de candidatos, a data das eleccións, a data da proclamación provisoria de candidatos electos, o prazo de reclamacións á proclamación provisoria e a data de proclamación definitiva de candidatos electos. Cada votante poderá dar su voto a un máximo de candidatos propostos por cada subsector non superior ao setenta por cento do número de postos para cubrir, e vota en tódolos subsectores. Se non existiren candidatos suficientes para cubrir as prazas correspondentes a un subsector esas prazas acrecentaranse ás correspondentes a decanos ou directores de escola, a directores de departamento e a directores de instituto por esta orde de preferencia. En caso de empate dentro do mesmo subsector designarase candidato electo ao profesor de maior categoría e máis antigüidade na UDC.

3. Formarán a mesa electoral o reitor ou vicerrector que designar, un vogal e un secretario elixidos por sorteo entre as persoas electoras que non foren candidatas.

4. Os candidatos electos serán nomeados polo reitor membros do Consello de Goberno.

5. En caso de cesamento, para a substitución dos conselleiros mencionados na letra d) será nomeada a seguinte persoa máis votada nas últimas eleccións, e se iso non abundase para cubrir as prazas procederase a unha nova elección para o tempo que reste até cubrir o período de catro anos.

CAPÍTULO TERCEIRO DISPOSICIÓN RELATIVAS ÁS XUNTAS DE FACULTADE O ESCOLA

Artigo 31. Composición das xuntas de facultade ou escola e outras cuestións

1. A xunta de facultade ou escola comporase:

- a. Do decano ou director, que a convocará e presidirá.
- b. Dos vicedecanos ou subdirectores, e o secretario da facultade ou escola, que o será tamén da xunta.
- c. Todos os profesores con vinculación permanente á Universidade co límite do 51% do número total de membros da xunta. Unha representación do resto de profesorado que imparta docencia maioritaria no centro e do persoal investigador e en formación que colabore na docencia nunha proporción do 12%, sempre que sexa posible.
- d. Unha representación dos estudantes do centro nunha proporción do 28%.
- e. Unha representación do persoal de administración e servizos do centro nunha proporción do 9% total dos membros da xunta. Deberán convocarse eleccións a representantes do persoal de administración e servizos na xunta de facultade o escola cando o número de integrantes deste sector no centro for superior á porcentaxe indicada. En caso contrario serán membros da xunta de facultade ou escola sen necesidade de celebrar eleccións.

2. Os representantes na xunta de facultade ou escola serán elixidos por un período de dous anos.

3. A determinación do número de representantes que corresponde a cada sector será realizada pola Secretaría Xeral coa aprobación do censo definitivo, seguindo as proporcións sinaladas neste artigo.

4. En caso de cesamento de representantes, no prazo máximo dun mes o decano ou director do centro cubrirá os postos cos candidatos que no último proceso electoral celebrado obtivesen maior número de votos en cada sector sen acadaren representación. Se os non houber, os postos serán cubertos no seguinte proceso electoral, tras a expiración do mandato da xunta de facultade ou escola, salvo que o número de novos postos para cubrir sexa superior á metade do número total de representantes de cada sector, en cuxo caso terán que se convocar eleccións parciais. O mandato dos representantes que así accedan á xunta de facultade ou escola non durará máis que o tempo de mandato que reste aos demais representantes.

5. En caso de incumprimento inxustificado desta obriga polo decano ou director do centro calquera persoa interesada poderá solicitar a intervención da Secretaría Xeral, que suplirá a actuación do decano ou director.

CAPÍTULO CUARTO DISPOSICIÓN RELATIVAS A CONSELLOS DE DEPARTAMENTOS

Artigo 32 . Composición do consello de departamento e outras cuestións

1. O consello de departamento comporase:

- a. Do director, que o presidirá e convocará, e do secretario.
- b. De todos os doutores vinculados por relación funcional, laboral ou bolsreira á universidade e todos os profesores e axudantes sen título de doutor e a tempo completo integrados no departamento.

- c. Unha representación dos profesores a tempo parcial e do persoal investigador en formación que colabore na docencia e, se é o caso, dos lectores integrados no departamento, que suporá o 5%.
- d. Unha representación dos estudantes do ámbito da docencia do departamento que suporá un 28%, dos que, de ser o caso, o 40% corresponderá aos estudantes de doutoramento. Dentro da porcentaxe de estudantes de primeiro e segundo ciclo darase preferencia na proclamación como candidato electo a que haxa polo menos un de cada centro en que o departamento imparte docencia. En caso de se non cubrir a porcentaxe correspondente a estudantes de terceiro ciclo esa porcentaxe será ocupada por estudantes de primeiro e segundo ciclo e viceversa.
- e. Un representante do persoal de administración e servizos adscrito ao departamento. Deberán convocarse eleccións a representantes do persoal de administración e servizos no consello de departamento cando o número de integrantes deste sector for superior a un. En caso contrario, será membro do consello sen celebrar eleccións.

2. As persoas representantes no consello de departamento serán elixidas por un período de dous anos.

3. A determinación do número de representantes que corresponde a cada sector será realizada pola Secretaría Xeral coa aprobación do censo definitivo, seguindo as proporcións sinaladas neste artigo.

4. En caso de cesamento de representantes, no prazo máximo dun mes o director do departamento cubrirá os postos cos candidatos que no último proceso electoral celebrado obtivesen maior número de votos en cada sector sen acadaren representación. Se os non houber, os postos serán cubertos no seguinte proceso electoral, tras a expiración do mandato do consello de departamento, salvo que o número de novos postos para cubrir sexa superior á metade do número total de representantes de cada sector, en cuxo caso terán que se convocar eleccións parciais. O mandato dos representantes que así accedan ao consello de departamento non durará máis que o tempo de mandato que reste aos demais representantes.

5. En caso de incumprimento inxustifico desta obriga polo director do departamento cualquera persoa interesada poderá solicitar a intervención da Secretaría Xeral, que suplirá a actuación do director.

TÍTULO TERCEIRO DISPOSICIÓN RELATIVAS ÁS ELECCIÓNS A ÓRGANOS UNIPERSOAIS

CAPÍTULO PRIMEIRO ELECCIÓN A DECANO E DIRECTOR DE CENTRO

Artigo 33. Celebración de eleccións a decano ou director de centro.

Son causas de cesamento que dan lugar á convocatoria de eleccións a decano ou director de centro as seguintes:

- a. A expiración do límite estatutariamente establecido para o seu mandato.
- b. A perda da condición de elixible do decano ou director. A adscrición a outro centro distinto realizada polo departamento a que pertence o decano ou director sen que conste a súa aceptación expresa non se considerará causa de cesamento.

- c. O cesamento a petición propia.
- d. A moción de censura presentada por, polo menos, un terzo dos membros da xunta, con proposta de candidato alternativo, e aprobada por maioría absoluta. En caso de non obter esa maioría as persoas proponentes non poderán presentar outra durante o mesmo mandato.

Artigo 34. Electores

Nas eleccións a decano ou director de centro son electores todos os membros da Xunta de Centro.

Artigo 35. Elixibles

Nas eleccións a decano de facultade e director de escola son elixibles os membros da xunta que sexan profesores e profesoras con vinculación permanente á universidade adscritos/as ao respectivo centro que foren proclamados candidatos de forma definitiva.

Artigo 36. Modo de se celebrar a xunta para a elección de decano ou director

1. A xunta de centro reunirse en sesión extraordinaria na data sinalada na convocatoria, sendo presidida polo decano ou director en funcións, salvo que se presente como candidato, en cuxo caso será substituído polo membro de máis idade presente na xunta . O presidente concederá un espazo de quince minutos a cada candidato para estes exporen ante a xunta o seu programa e, a continuación, noutros quince minutos, responderen as preguntas que lles formularen os membros da xunta. Finalizadas as intervencións procederase á votación que será nominal e secreta.

2. Nesta sesión actuará como secretario o que o for do centro, salvo que se presente como candidato, en cuxo caso será substituído polo membro presente que designe o presidente.

Artigo 37. Proclamación de decano ou director de centro

1. Será proclamado decano ou director de centro aquela persoa candidata que en primeira volta obtiver o voto da maioría absoluta dos membros da xunta.

2. No caso de non haber ningún candidato que obteña a maioría absoluta, procederase a unha segunda votación na mesma sesión da xunta, en que resultará elixido o candidato que obteña un maior número de votos.

CAPÍTULO SEGUNDO ELECCIÓN A DIRECTOR DE DEPARTAMENTO

Artigo 38. Celebración de eleccións a director de departamento

Son causas de cesamento que dan lugar á convocatoria de eleccións a director de departamento as seguintes:

- a. A expiración do límite estatutariamente establecido para o seu mandato.

- b. A perda da condición de elixible do director.
- c. O cesamento a petición propia.
- d. A moción de censura presentada por, polo menos, un terzo dos membros do consello, con proposta de candidato alternativo, e aprobada por maioría absoluta. En caso de non obter esa maioría as persoas proponentes non poderán presentar outra durante o mesmo mandato.

Artigo 39. Electores

Nas eleccións a director de departamento son electores todos os membros do consello de departamento.

Artigo 40. Elixibles

1. Nas eleccións a director de departamento son elixibles os membros do consello que sexan profesores doutores con vinculación permanente á universidade que foren proclamados candidatos de forma definitiva.
2. Non obstante o disposto no parágrafo anterior, poderá ser elixible nas eleccións a director de departamento o profesorado non doutor con vinculación permanente, nos seguintes supostos:
 - a. Cando ningún membro do profesorado doutor con vinculación permanente for proclamado candidato.
 - b. Cando existindo candidatos profesores doutores con vinculación permanente ningún deles obtivese os votos da maioría absoluta dos membros do consello de departamento. Neste suposto, os membros do profesorado non doutor con vinculación permanente así proclamados candidatos só poderán resultar elixidos directores de departamento cando obtiveren, en segunda volta, un número de votos superior ao acadado polo membro do profesorado doutor con vinculación permanente que obtivese un maior número de votos en primeira volta. De se non dar este suposto, proclamarase director ao candidato membro do profesorado doutor con vinculación permanente que obtivese un maior número de votos en primeira volta.

Artigo 41. Modo de se celebrar o consello de departamento para a elección de director

1. O consello de departamento reunirse en sesión extraordinaria na data sinalada na convocatoria, sendo presidida polo director en funcións, salvo que se presente como candidato, en cuxo caso será substituído polo membro de máis idade presente no consello. O presidente concederá un espazo de quince minutos a cada candidato para exporen ante o departamento o seu programa e, a continuación, noutros quince minutos, responderen as preguntas que lles formularen os membros do consello. Finalizadas as intervencións procederase á votación que será nominal e secreta.
2. Nesta sesión actuará como secretaria a persoa que o for do departamento, salvo que se presente como candidata, en cuxo caso será substituída polo membro presente que designe o presidente.

Artigo 42. Proclamación de director de departamento

1. Será proclamado director de departamento o candidato que en primeira volta obtiver o voto da maioría absoluta dos membros do consello.
2. No caso de non haber ningún candidato que obteña a maioría absoluta, procederase a unha segunda votación, en que resultará elixido o candidato que obtiver un maior número de votos. Esta votación

producirase na mesma sesión do consello, salvo que resulte de aplicación o establecido polo artigo 40.2 do presente regulamento, en cuxo caso haberá de celebrarse unha nova sesión extraordinaria do consello tras a proclamación definitiva dos novos candidatos.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA

1. As primeiras eleccións a órganos colexiados que se celebraren tras a entrada en vigor dos Estatutos serán convocadas por Resolución reitoral, após acordo do Consello de Goberno, prescindíndose do disposto no artigo 14.1 do presente regulamento. Unha vez renovados os órganos colexiados de centro e departamento, antes do 30 de xaneiro de 2005 deberá procederse á constitución das novas xuntas e departamentos e elección dos órganos unipersoais.

2. Nesas primeiras eleccións a órganos colexiados e unipersoais actuará como Comisión Electoral Central a Mesa de Claustro, elixíndose os membros da nova Comisión Electoral Central tras a renovación de tódolos representantes no Claustro.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira. Porcentaxes de representación

Cando das porcentaxes de representación dos distintos sectores e/ou circunscricións nos órganos colexiados resultaren cifras non enteiras cuxo decimal sexa igual ou superior a 0.5 redondearase ao número enteiro superior máis próximo. Se o decimal for inferior a 0.5 prescindirase del, salvo que a cifra resultante non acadase a unidade, en cuxo caso será esta a que se teña en conta. No caso de que, ao aplicar esta regra, a cifra de representantes resultante non coincidise co número de postos para cubrir, asignarase o número enteiro correspondente garantindo a representación de todos os sectores e/ou circunscricións, e o resto dos postos asignarase un a cada un dos sectores e/ou circunscricións que teña unha fracción decimal maior.

Segunda. Potestade disciplinaria

O reitor exercerá a potestade disciplinaria naqueles casos en que se incumpra a normativa que contén este regulamento ou no caso de negativa a asumir os deberes que este establece.

Terceira. Supletoriedade

A lexislación xeral electoral poderá, no seu caso, aplicarse supletoriamente en todo o non regulado de forma expresa neste regulamento.

DISPOSICIÓN FINAL

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno.

ANEXO I. RELACIÓN DE CENTROS CON INDICACIÓN DOS DEPARTAMENTOS ADSCRITOS A CADA CENTRO E DAS ÁREAS ADSCRITAS A CADA DEPARTAMENTO

610 Facultade de Ciencias

- 101 Bioloxía animal, Bioloxía Vexetal e Ecoloxía
 - Botánica
 - Ecoloxía
 - Fisioloxía vexetal
 - Zooloxía
- 102 Bioloxía Celular e Molecular
 - Bioloxía Celular
 - Bioquímica e Bioloxía Molecular
 - Xenética
 - Microbioloxía
- 115 Física
 - Electromagnetismo
 - Física Aplicada
 - Física da Materia Condensada
- 122 Química Analítica
 - Química Analítica
- 153 Química Fundamental
 - Química Inorgánica
 - Química Orgánica
- 154 Química Física e Enxeñaría Química I
 - Enxeñaría Química
 - Química Física

611 Facultade de CC. Económicas e Empresariais

- 108 Economía Aplicada I
 - Economía Aplicada
 - Historia e Institucións Económicas
- 109 Economía Financeira e Contabilidade
 - Economía Financeira e Contabilidade

- 134 Análise Económica e Administración de Empresas
- Comercialización e Investigación de Mercados
 - Fundamentos da Análise Económica
 - Organización de Empresas
- 137 Economía Aplicada II
- Economía Aplicada
 - Métodos Cuantitativos Para a Economía e a Empresa

612 Facultade de Dereito

- 106 Dereito Público
- Dereito Constitucional
 - Dereito Financeiro e Tributario
 - Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais
 - Dereito Penal
 - Dereito Procesual
 - Dereito Romano
- 107 Dereito Privado
- Dereito Civil
 - Dereito Internacional Privado
 - Dereito Mercantil
 - Historia do Dereito e das Institucións
- 131 Dereito Público Especial
- Dereito Administrativo
 - Dereito do Traballo e da Seguridade Social
 - Dereito Eclesiástico do Estado
 - Filosofía do Dereito

613 Facultade de Filoloxía

- 111 Filoloxía Española e Latina
- Filoloxía Latina
 - Filoloxía Románica
 - Lingua Española
 - Literatura Española
 - Teoría da Literatura
- 113 Filoloxía Inglesa
- Filoloxía Inglesa
- 155 Galego-Portugués, Francés e Lingüística
- Filoloxía Francesa
 - Filoloxía Galega e Portuguesa
 - Lingüística Xeral

614 Facultade de Informática

- 103 Computación
 - Alxebra
 - Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial
 - Linguaxes e Sistemas Informáticos
- 110 Electrónica e Sistemas
 - Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores
 - Electrónica
 - Tecnoloxía Electrónica
 - Teoría do Sinal e Comunicaci3ns
- 118 Matemáticas
 - Estatística e Investigación Operativa
 - Matemática Aplicada
- 152 Tecnoloxía da Información e as Comunicaci3ns
 - Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial
 - Enxeñaría Telemática

615 Facultade de Socioloxía

- 127 Socioloxía e Ciencia Política e da Administración
 - Ciencia Política e da Administración
 - Historia do Pensamento e Movementos Sociais e Políticos
 - Socioloxía

616 Facultade de Ciencias da Comunicaci3n

620 Facultade de Ciencias do Deporte e a Educaci3n Física

- 200 Educaci3n Física e Deportiva
 - Educaci3n Física e Deportiva

630 ETS de Arquitectura

- 104 Construci3ns Arquitect3nicas
 - Construci3ns Arquitect3nicas
- 120 Proxectos Arquitect3nicos e Urbanismo
 - Proxectos Arquitect3nicos
 - Urbanística e Ordenaci3n do Territorio
- 124 Representaci3n e Teoría Arquitect3nica
 - Expresi3n Gráfica Arquitect3nica
- 125 Tecnoloxía da Construci3n
 - Enxeñaría da Construci3n
 - Enxeñaría do Terreo
 - Mecánica dos Medios Cont. e Teoría de Estruturas.

- 135 Composición
- Composición Arquitectónica
 - Didáctica da expresión Musical
 - Didáctica da expresión Plástica
 - Historia da Arte

631 ETS de Náutica e Máquinas

- 149 Ciencias da Navegación e da Terra
- Astronomía e Astrofísica
 - Ciencias e Técnicas da Navegación
 - Construcións Navais
 - Cristalografía e Mineraloxía
 - Edafoloxía e Química Agrícola
 - Estratigrafía
 - Xeodinámica Externa
 - Paleontoloxía
- 151 Enerxía e propulsión mariña
- Ciencia dos Materiais e Enxeñaría Metalúrxica
 - Enxeñaría Mecánica
 - Máquinas e Motores Térmicos

632 ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos

- 139 Métodos Matemáticos e de Representación
- Análise Matemática
 - Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría
 - Enxeñaría e Infraestrutura dos Transportes
 - Enxeñaría Hidráulica
 - Matemática Aplicada
 - Proxectos de Enxeñaría
 - Tecnoloxía do Medio Ambiente

650 EU de Estudos Empresariais

651 EU de Fisioterapia

- 145 Fisioterapia
- Fisioterapia

652 Facultade de CC. da Educación

- 114 Filosofía e Métodos de Investigación en Educación
- Filosofía

- Filosofía Moral
- Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación
- 119 Pedagogía e Didáctica
 - Didáctica da Matemática
 - Didáctica das Ciencias Experimentais
 - Didáctica e Organización Escolar
 - Teoría e Historia da Educación
- 121 Psicoloxía
 - Metodoloxía das Ciencias do Comportamento
 - Personalidade, Avaliación e Tratamentos Psicolóxicos
 - Psicobioloxía
 - Psicoloxía Básica
 - Psicoloxía Social
- 126 Didácticas específicas
 - Didáctica da Expresión Corporal
 - Didáctica da Lingua e da Literatura
 - Didáctica das Ciencias Sociais
- 128 Psicoloxía Evolutiva e da Educación
 - Psicoloxía Evolutiva e da Educación

653 Facultade de CC. da Saúde

- 144 Medicina
 - Anatomía e Embrioloxía Humana
 - Cirurxía
 - Fisioloxía
 - Medicina
 - Otorrinolaringoloxía
 - Psiquiatría
 - Radioloxía e Medicina Física
 - Traumatoloxía e Ortopedia

670 EU de Arquitectura Técnica

- 136 Tecnoloxía e Ciencia da Representación Gráfica
 - Expresión gráfica arquitectónica

710 Facultade de Humanidades

- 143 Humanidades
 - Análise Xeográfica Rexional
 - Antropoloxía Social
 - Biblioteconomía e Documentación
 - Comunicación Audiovisual e Publicidade

- Xeografía Humana
- Historia Antiga
- Historia Contemporánea
- Historia Medieval
- Historia Moderna
- Lóxica e Filosofía da Ciencia
- Xornalismo

730 Escola Politécnica Superior

- 147 Enxeñaría Naval e Oceánica
- Construcións Navais
 - Mecánica de Fluídos
- 148 Enxeñaría industrial II
- Ciencia dos Materiais e Enxeñaría Metalúrxica
 - Enxeñaría da Construción
 - Enxeñaría Mecánica
 - Enxeñaría Nuclear
 - Enxeñaría Química
 - Máquinas e Motores Térmicos

750 EU de Enfermaría e Podoloxía

- 146 Ciencias da saúde
- Enfermaría
 - Farmacoloxía
 - Historia da Ciencia
 - Medicina Preventiva e Saúde Pública
 - Parasitoloxía

760 EU de Relacións Laborais

770 EU Politécnica

- 105 Construcións Navais
- Construcións Navais
 - Máquinas e Motores Térmicos
- 117 Enxeñaría Industrial
- Expresión Gráfica da Enxeñaría
 - Enxeñaría dos Procesos de Fabricación
 - Enxeñaría de Sistemas e Automática
 - Enxeñaría Eléctrica

771 EU de Deseño Industrial